

ESTUDANTES DE INTERCAMBIO PROCEDENTES DOUTRAS UNIVERSIDADES. SICUE 2017/2018

1. Unha vez concedido o intercambio SICUE, deberase cubrir o acordo académico, que será asinado polo coordinador/a e o decano/director do centro de orixe, e posteriormente polo coordinador/a e o decano do centro de destino, por triplicado exemplar, para a universidade de orixe, a universidade de destino e o estudante.

Os prazos para o cubrir son os seguintes:

- Ata o 15 de setembro de 2017 para os acordos académicos de mobilidade do primeiro cuadrimestre e anuais
- Ata o 31 de outubro de 2017 para os acordos académicos de mobilidade do segundo cuadrimestre

2. O inicio de curso é o 11/09/2017 para o primeiro cuadrimestre e curso completo. Para alumnos que se incorporen a esta universidade no segundo cuadrimestre é o 30/01/2018.

3. Cando o alumno se incorpore á Universidade da Coruña, ten que formalizar a matrícula no LERD-CORUÑA (Pavillón de Estudantes, campus de Elviña) lerd-coruña@udc.es ou no LERD-Ferrol (Edificio de Apoio ao Estudo, campus de Esteiro). Para iso debe presentar o Acordo académico –asinado polos coordinadores/as, tanto do centro de orixe como de destino, e polos decanos– unha copia DNI e a copia do resgardo de matrícula na universidade de orixe.

Unha vez incorporado á universidade de destino, o/a alumno/a terá que se presentar ao coordinador/a SICUE e comunicarlle á Administración do centro a súa incorporación como alumno SICUE.

4. A matrícula implica que o/a alumno/a pasa a estar rexistrado como estudante da UDC e ten acceso a todos os servizos do estudantado:

- Acceso á UDC virtual con usuario e contrasinal
- Acceso a redes wifi da UDC
- Acceso á Secretaría Virtual e Campus Virtual.

5. Disporá da tarxeta universitaria, que o/a identifica como estudante e tamén lle permite acceder a outros servizos (biblioteca, conta bancaria...). O alumnado terá que a solicitar na oficina do Banco Santander, situada no Pavillón de Estudantes (campus de Elviña. A Coruña).

6. Outros servizos a que pode acceder:

- Centro de linguas modernas: <http://www.centrodelinguas.gal/>
- Bibliotecas da Universidade (en todas as facultades, e Biblioteca Central, situada no edificio Xoana Capdevielle, campus de Elviña. <http://www.udc.gal/biblioteca>
- Servizo de Deportes (<http://www.udc.gal/deportes/>)
- Área de Cultura (<http://www.udc.gal/cultura/>)
- Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE) (http://www.udc.gal/centros_departamentos_servizos/servizos_xerais/servizo_asesoramento_promocion_estudante.html), correo electrónico sape@udc.es

7. Residencias

- **Centro residencial docente da Coruña (cdr)**
Páxina web: <http://www.edu.xunta.es/centros/credocoruna/>
- **Resa**
Aloxamento e servizos universitarios. Páxina web: www.resa.es/es/residencias/a-coruna/residencia-universitaria-siglo-xxi/residencia/
- **Rialta** Páxina web: <http://www.rialta.net>